

PROCESO SELECTIVO QUENDA LIBRE XESTIÓN, TRAMITACIÓN E AUXILIO OPE 2023

A titulación esixida será:

- Para xestión: Grao, Licenciatura, Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica, Arquitectura Técnica ou equivalentes.
- Para tramitación: Bacharelato ou equivalente.
- Para auxilio: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días hábiles**, do **2 ao 29 de febreiro**.

Para cubrir a instancia e pagar as taxas, podémolo facer a través do seguinte enlace:

<https://ips.redsara.es/IPSC/secure/buscarConvocatorias>

Estarán exentas de pagar as taxas ou parte delas: 1) Aquelas **persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%**, debendo achegar á solicitude o certificado acreditativo de tal condición. Non será necesario achegar este certificado cando a condición de discapacidade estivera recoñecida nalgunha das CCAA que figuran no punto de acceso xeral; 2) **Os/as demandantes de emprego** que leven máis dun mes no paro e non rexeitaran ofertas de emprego, nin accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que carezan ademais de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo, a xustificación de rendas acreditarase mediante a declaración do IRPF do último exercicio; 3) As **familias numerosas** e 4) As **vítimas de terrorismo**.

A falla de xustificación do aboamento dos dereitos de exame ou de atoparse exento determinará a exclusión da persoa aspirante.

As prazas da cota de reserva daquelas persoas con discapacidade que queden desertas non se acumularán ás da cota xeral.

Aquel/as aspirantes que opten pola cota de reserva para persoas con discapacidade non poderán participar pola cota xeral, e na solicitude de participación deberán indicalo marcando o cadro correspondente.

Poderase participar só nun único ámbito territorial.

As prazas que resulten desertas nun ámbito territorial non se acumularán a outro ámbito.

Sen prexuízo do anterior o Ministerio previa valoración das circunstancias concretas do proceso selectivo, atendendo ao número de prazas que poidan quedar sen cubrir nun ou varios territorios nos que se convocan prazas, acordará a realización dunha **proba selectiva adicional**, á que só poderá presentarse aquel persoal opositor que tivera no último exercicio unha nota igual ou superior ao cincuenta por cento da nota posible, pero que non superou o proceso selectivo. A Administración convocante solicitará do Tribunal Cualificador Único correspondente, a preparación e execución deste exercicio adicional.

Non se admitirá mudar o ámbito territorial escollido unha vez presentada a solicitude inicial.

As taxas de dereitos de exame:

- Xestión Procesual e Administrativa 23,33 euros (11,67 euros en caso de dereito á redución do 50 por cento).
- Tramitación Procesual e Administrativa 15,57 euros (7,79 euros no caso de dereito á redución do 50 por cento).
- Auxilio Xudicial 11,66 euros (5,83 euros no caso de dereito á redución do 50 por cento).

PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo desenvolverase polo sistema de oposición.

Os exames dos diferentes corpos **poderán ser coincidentes no tempo**, en calquera das súas fases, co desenvolvemento de outros.

Os exercicios da oposición terán lugar, para cada un dos corpos, o mesmo día e á mesma hora en todas as sedes de exame, e realizarse dentro dos **corenta e cinco días** seguintes á publicación da resolución pola que se eleva a definitiva a relación de persoas admitidas e excluídas, publicándose no BOE a data, hora e lugares da súa celebración.

A aprobación da totalidade dos exercicios da oposición non implicará por si a superación do proceso selectivo que ven determinado polo número de prazas convocadas en cada ámbito territorial.

A valoración do coñecemento das **linguas oficiais propias das Comunidades Autónomas ou do Dereito Civil Vasco**, poderá facerse documentalmente ou mediante a realización dun exame, sempre que o/a aspirante así o **tivera solicitado na súa instancia**. Dita proba será optativa e non eliminatória, e unicamente serve para subir nota, unha vez se teña superado o proceso selectivo.

Podes facer o seguimento destas convocatorias na páxina web do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, nas seguintes ligazóns:

Xestión: <https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/empleo-publico/acceso-libre/gesti%C3%B3n-procesal-y-administrativa-acceso-libre-pjc642024>

Tramitación: <https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/empleo-publico/acceso-libre/tramitaci%C3%B3n-procesal-y-administrativa-acceso-libre-pjc642024>

Auxilio: <https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/empleo-publico/acceso-libre/auxilio-judicial-acceso-libre-orden-pjc642024>

PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITA AS NOSAS REDES SOCIAIS



Páxina web

<https://www.cigadmon.gal/xustiza>



Twitter

<https://x.com/cigxustiza?s=20>



Telegram

<https://t.me/CIGxustiza>



WhatsApp

<https://whatsapp.com/channel/0029VaDy10otLkg2PMG3qv1R>

OU PONTE EN CONTACTO COAS NOSAS DELEGADAS/OS

| | | |
|------------|-------------|-------------|
| A CORUÑA | 657 768 693 | 635 607 376 |
| FERROL | 637 108 945 | |
| SANTIAGO | 699 234 284 | |
| LUGO | 639 921 202 | 669 557 395 |
| OURENSE | 636 424 191 | |
| PONTEVEDRA | 646 023 058 | |
| VIGO | 669 760 087 | |

| | XESTIÓN | TRAMITACIÓN | AUXILIO |
|---------------------------|--|--|--|
| PRIMEIRO EXERCICIO | Puntuación máxima 60 puntos 100 preguntas tipo test sobre o temario 100 minutos Preguntas acertadas suman 0,60 puntos Preguntas erradas descontan 0,15 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 30 puntos | Puntuación máxima 60 puntos 100 preguntas tipo test sobre o temario 100 minutos Preguntas acertadas suman 0,60 puntos Preguntas erradas descontan 0,15 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 30 puntos | Puntuación máxima 60 puntos 100 preguntas tipo test sobre o temario 100 minutos Preguntas acertadas suman 0,60 puntos Preguntas erradas descontan 0,15 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 30 puntos |
| SEGUNDO EXERCICIO | Puntuación máxima 15 puntos 10 preguntas tipo test sobre un caso práctico 30 minutos Preguntas acertadas suman 1,5 puntos Preguntas erradas descontan 0,30 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 7,5 puntos | Puntuación máxima 20 puntos 10 preguntas tipo test sobre un caso práctico 30 minutos Preguntas acertadas suman 2 puntos Preguntas erradas descontan 0,50 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 10 puntos | Puntuación máxima 40 puntos 40 preguntas tipo test sobre dous casos prácticos 60 minutos Preguntas acertadas suman 1 punto Preguntas erradas descontan 0,25 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 20 puntos |
| TERCEIRO EXERCICIO | Puntuación máxima 25 puntos Proba de carácter teórica, escrita e eliminatória 5 preguntas 45 minutos Sen limitación de papel Cada pregunta puntuará un máximo de 5 puntos Nota mínima para superar o exercicio 12,5 puntos | Puntuación máxima 20 puntos 20 preguntas tipo test Office 2019 e Windows 10 40 minutos Preguntas acertadas suman 1 punto Preguntas erradas descontan 0,25 puntos Non contestadas non puntuán Nota mínima para superar o exercicio 10 puntos | En Auxilio non hai terceiro exercicio |

| | |
|---|--|
| COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS PROPIAS DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS (Puntuación máxima 18 puntos) | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Celga 4 ou similar 6 puntos ✓ Linguaxe xurídica medio 12 puntos ✓ Linguaxe xurídica superior 18 puntos |
|---|--|

| | |
|--|---|
| PROBA SELECTIVA ADICIONAL 50 puntos | <p>Non suposto de que nun ou varios ámbitos territoriais quedaran prazas sen cubrir, o Ministerio pode acordar a realización dunha proba adicional para aqueles/as opositores/as que non acadaran praza, pese a ter aprobados todos os exames.</p> <p>A proba selectiva consistirá nun único exercicio tipo test sobre as materias do programa.</p> <p>50 preguntas 45 minutos Preguntas acertadas suman 1 punto Preguntas erradas descontan 0,25 puntos Non contestadas non puntuán</p> <p>A nota mínima para superar esta parte será o 50% da nota máxima posible</p> |
|--|---|

| PRAZAS | QUENDA LIBRE | | | | | |
|-----------------------|--------------------|-----------|------------|-------------|------------|-----------|
| | ÁMBITO TERRITORIAL | XESTIÓN | | TRAMITACIÓN | | AUXILIO |
| Andalucía | 33 | 2 | 42 | 3 | 13 | 1 |
| Aragón | 11 | 1 | 14 | 1 | 1 | 0 |
| Asturias | 7 | 1 | 7 | 1 | 7 | 1 |
| Canarias | 19 | 1 | 12 | 1 | 60 | 4 |
| Cantabria | 2 | 1 | 4 | 1 | 10 | 1 |
| Catalunya | 37 | 3 | 68 | 5 | 128 | 9 |
| Comunidade Valenciana | 24 | 2 | 23 | 2 | 18 | 1 |
| Galiza | 13 | 1 | 21 | 1 | 15 | 1 |
| A Rioxa | 5 | 1 | 4 | 1 | 8 | 1 |
| Madrid | 44 | 2 | 92 | 5 | 20 | 2 |
| Nafarroa | 8 | 1 | 6 | 1 | 13 | 1 |
| Euskadi | 17 | 1 | 14 | 1 | 7 | 1 |
| Total CCAA | 220 | 17 | 307 | 23 | 300 | 23 |
| Ministerio de Xustiza | 48 | 3 | 71 | 5 | 32 | 3 |
| Total | 268 | 20 | 378 | 28 | 332 | 26 |

PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITA AS NOSAS REDES SOCIAIS



Páxina web
<https://www.cigadmon.gal/xustiza>



Twitter
<https://x.com/cigxustiza?s=20>



Telegram
<https://t.me/Cigxustiza>



WhatsApp
<https://whatsapp.com/channel/0029VadYi0otLkg2PMG3qv1R>

OU PONTE EN CONTACTO COAS NOSAS DELEGADAS/OS

| | | |
|------------|-------------|-------------|
| A CORUÑA | 657 768 693 | 635 607 376 |
| FERROL | 637 108 945 | |
| SANTIAGO | 699 234 284 | |
| LUGO | 639 921 202 | 669 557 395 |
| OURENSE | 636 424 191 | |
| PONTEVEDRA | 646 023 058 | |
| VIGO | 669 760 087 | |